

BREVE ACHEGAMENTO Á POESÍA DE SALVADOR GARCÍA-BODAÑO ⁽¹⁾

ANXO TARRIO VARELA
Universidade de Santiago de Compostela

Salvador García-Bodaño Zunzunegui naceu en Teis-Vigo, no ano 1935. Pertence, xa que logo, á xeración que viviu a guerra civil durante a primeira infancia ou que, en todo caso, sufriu nesa idade as súas consecuencias na inmediata posguerra. A esa ricaz e variada xeración que inclúe no seu elenco nomes fundamentais da historia literaria e cultural galega como son os de Manuel María, Xosé Fernández Ferreiro, Uxío Novoneyra, Bernardino Graña, Xohana Torres, Manuel Álvarez Torneiro (desvelado extemporaneamente respecto dos seus coetáneos), Camilo González Suárez-Llanos, Antón Avilés de Taramancos, Ramón Lorenzo, Reimundo Patiño, Xohán Casal, Xosé Luís Méndez Ferrín, M^a Xosé Queizán, ou mesmo, xa algo máis novos, Carlos Casares e Arcadio López Casanova⁽²⁾. Unha xeración que tamén recibiu os nomes de Xeración das Festas Minervais, por máis que moitos dos seus compoñentes non participasen nelas, ou de *La Noche*, como quixo bautizala o gran xornalista Borobó (Reimundo García Domínguez), en atención ás colaboracións que levaron a cabo algúns deles naquel diario vespertino de Compostela, facendo así as súas primeiras incursións no mundo da escritura.

Pero García-Bodaño non se prodigou en publicacións e só cando os seus amigos, nomeadamente Xavier Carro e Carlos Casares, lle insistiron en que tiña que sacar á luz un poemario consentiu en publicar *Ao pé de cada hora*⁽³⁾. Ocorreu isto no ano 1967 e había tardar doce máis en dar ao prelo o segundo, *Tempo de Compostela*⁽⁴⁾. Posteriormente saíu en edición non venal un poemario titulado *Compostela*⁽⁵⁾, agasallo da Editorial Compostela aos lectores de *El Correo Gallego*, no que unha voz "varias veces centenaria", despois de facer homenaxe á literatura galega medieval e dos séculos escuros, remedando as vellas formas da lingua e as correspondentes expresións líricas, volve outra vez a lle dedicar á cidade sentidos e entusiásticos poemas. Finalmente, polo que se refire á súa

actividade lírica, García-Bodaño reuniu nun volume⁽⁶⁾ titulado *Obra poética* todos ou case todos os versos por el escritos ata aquel momento. A última publicación poética que ofreceu á nosa lectura ata este momento é unha *plquette* de 1994 titulada *Pegadas no alcatrán (encomio da banalidade)*, da que tan só se tiraron 99 exemplares numerados⁽⁷⁾.

Non se pode dicir, pois, que García-Bodaño sexa un poeta ávido de ver estampado o seu nome nas capas dos libros, o cal non leva de seu que o noso poeta abandonase a poesía ou a escrita, en xeral, pois decote puidemos velo improvisando poemas para as amizades, recortando sonetos, oílo en recitais, encontros, mesas de debate, etc., e lelo en colaboracións de prensa ⁽⁸⁾ ou no libro de relatos *Os misterios de Monsieur D’Allier*, que vía a luz no ano 1992⁽⁹⁾. Se sumamos a isto as súas incursións no eido da tradución⁽¹⁰⁾ e as actividades levadas a cabo en partidos políticos, Asociacións culturais, Patronatos de cultura, etc., dános por resultado unha vida totalmente dedicada a Galicia e á súa cultura.

O título deste traballo é abondo xeral e pouco comprometido: “Achegamento á poesía de García-Bodaño”. O certo é que no canto de “achegamento” ben podería dicir “afastamento”, pois dende hai moitos anos a poesía de Salvador me acompañou intimamente, asimilada ao meu vivir, interiorizada por min para dar palabra a vivencias difíciles de verbalizar, a sentimentos incertos, á case imposíbel racionalización da fanada historia deste noso país Galicia, esta dúbida inmensa sempre ás voltas *do si, do non e do quen sabe*, como tan dorosa e atinadamente cantou o noso poeta hai xa moitos anos.

Afastamento, porque é a única maneira de observar como crítico o que durante moitos anos me serviu de alicerce íntimo a boa parte da construción do meu concepto de Galicia, á comprensión das súas xentes e da súa Historia dende a miña condición de urbanita ubicado na inopia máis absoluta, anque posuidor dunha memoria sulagada da infancia rural que a poesía de García-Bodaño soubo facer aboiar outra volta en min.

Afastamento tamén porque Salvador García-Bodaño é o poeta de Compostela, a cidade que el, que naceu en Teis (Vigo), adoptou como súa, pero que é tamén o meu berce, o espacio da miña infancia e da miña adolescencia, é dicir, o espacio da patria que quería Rilke para calquera home e do que tamén teño que me afastar e distanciar para velo con ollos adánicos e para sentilo renovado a través da voz de Salvador García-Bodaño, que tan ben sabe interpretar as paisaxes da enigmática cidade.

Por todo o dito, quizais non sempre responda a miña lectura da súa poesía a ningunha realidade obxectiva e si tan só a unha realidade que está dentro de min e que esa poesía ten a virtude de facer aboiar para o meu propio sufrimento, ledicia ou perplexidade. Pero é que niso radica unha das razóns da poesía: en despertar en cada un de nós aquilo que escuramente temos apousando no nosa memoria e que pola súa condición de **inefábel**, no sentido en que non se pode verbalizar con palabras do común, necesita dunha axuda exterior que, aínda que non sexa máis ca levemente, asedie o núcleo do noso ser e tamén levemente penetre por un instante nos nosos eidos máis descoñecidos e profundos, sacándoo á luz e amosándonolo a nos mesmos.

Pero eu non quero, por outra banda, que ese afastamento estratéxico me faga perder a perspectiva da emoción poética para adentrarme en frías análises con conclusións puramente academicistas, aritméticas ou obvias, pois sendo todas elas importantísimas e de gran utilidade instrumental antóllanseme insuficientes para unha actividade crítica que pretenda persuadir o lector da conveniencia de se achegar ao obxecto estético que se lle está a mostrar e analizar para el.

O século XX, que de tantas cousas nos forneceu no ámbito da Lingüística e da Teoría e Crítica Literarias, obrigounos ao longo de moito tempo a exercer de notarios e contábeis diante do texto literario. Os chamados métodos inmanentistas, sobre todo os formalistas, tan necesarios como aborrecidos, chegaron co seu textocentrismo a esquecer que todo escrito artístico é produto dun tempo, dun espacio, dunha sociedade e tamén dunha conciencia e dunha existencia singulares que deitaron na

soidade e brancura do papel moitas horas de quén sabe cántas dúbidas, esperanzas, alegrías ou tristezas. Tirarlle esta súa dimensión humana ao texto, como se se tratase dun produto da natureza listo para diseccionar, esfrangullar, desconstruír, analizar e conxelar, é restarlle o que ten de máis grande, o que ten de documento vivo dunha conciencia individual e histórica que, para ben ou para mal, para servir á verdade ou á infamia, quixo deixar testemuño do seu pasar polo mundo, sen se resignar ao esquecemento absoluto.

Cando García-Bodaño tira o seu primeiro libro do prelo no ano 1967, a poesía galega tiña xa unha tradición ben consolidada que se podía avalar doadamente invocando os nomes dos trobadores medievais, dos poetas do Rexurdimento do século XIX, con Rosalía á cabeza, dos vangardistas novecentistas da Época Nós (1916-1936), con Manuel Antonio á súa fronte, ou, en fin, cos nomes que fixeron posíbel a magnífica colleita da xeración da República, unha colleita que xa comezara a amosar os seus primeiros froitos con anterioridade á guerra civil, da man de Iglesia Albariño, Álvaro Cunqueiro, Carballo Calero, Bouza Brey, Blanco-Amor, etc.; que quedara fanada pola barbarie bélica e postbélica e que só lograría ir saíndo á luz timidamente dende o ano 1947, cando os *Cómaros verdes* de Aquilino Iglesia Albariño saíron dos prelos de Vilagarcía de Arousa, diríase que para ir abrindo paso á colección Benito Soto de Pontevedra, unha colección esta composta entre 1949 e 1950 por unha serie de poemarios de altísimo interese entre os que xa se pode contar un pertencente á, naquel entón, novísima Xeración do Medio Século: *Muiñeiro de brétemas*, de Manuel María⁽¹¹⁾.

A creación da editorial Galaxia no ano 1950 chegou moi oportuna para que tamén esta xeración puidese dispoñer de canles apropiadas de publicación, e deste xeito foi cómo primeiro na colección “Illa Nova” e despois na “Salnés” vemos ir aparecendo as primeiras entregas dunha serie de mozos que agora, na altura da fin de século, conforman un elenco de escritores inscritos no canon literario con pleno dereito e xustificación.

Doutra banda o ano 1967, en que aparece *Ao pé de cada hora*, na colección “Salnés”, a pequena sociedade literaria galega estaba abraiada coa obra poética de Celso Emilio Ferreiro (1912-1979), membro da devandita xeración da República, que publicara en 1954 un espléndido libro de versos, *O sonho sulagado*⁽¹²⁾, e no 1962 un oportuno e afortunadísimo poemario, no que se refire á súa recepción pública, *Longa noite de pedra*⁽¹³⁾, que pola altura da aparición do libro de Bodaño ensombrecera ao primeiro dos citados e estaba alcanzando cotas insospeitadas de lectorado, tal foi o impacto que causou naquel entón nunha xuventude universitaria desexosa de contribuír ao derrubamento do réxime de Franco.

Arredor de Celso Emilio Ferreiro, que tomara o facho do relevo da man do primeiro Cabanillas, do mesmo xeito que este o tomara de Curros e da Rosalía máis *interveniente*, formouse un círculo de mozos poetas ou cantantes entusiasmados polo que se deu en chamar “poesía social”, etiqueta que se lle puxo na fronte ao gran poeta de Celanova anicándolle a súa lira a unha única corda e esquecendo aquel *soño sulagado* que, por unha parte, contiña xa o xermolo de todo o que está na *Longa noite de pedra* e, por outra, ofrecía un potente lirismo íntimo e existencial do que coído que tomaron boa nota os mellores dos nosos poetas, entre eles, quizais, o propio Salvador García-Bodaño.

Porque cómpre lembrar que esa tradición poética de que falamos posuía, na altura de 1967, un espesor simbólico que incluía poderosas voces líricas atentas a desenvolver as potencialidades da “palabra cangada de historia civil”, da que xa vimos a traxectoria ata Celso Emilio, pero tamén da “palabra cangada de intrahistoria”, que, así mesmo, partindo da Rosalía de *Follas novas*, pasando por outras facetas de Cabanillas e continuando polos poetas intimistas da xeración da república, tivera había pouco tempo en *Sombra do aire na herba*⁽¹⁴⁾, de Luís Pimentel (1895-1958), a aparición máis sobranceira do que ía de século, como ben apuntou Arcadio López Casanova, precisamente, nunha ampla recensión xornalística na que daba noticia da saída do libro de García-Bodaño (López Casanova, 1967).

Pero como nos recordou moi ben Xabier Carro nun rigoroso artigo publicado na revista *Grial* (artigo ao que quero remitir para así eximirme a min mesmo de entrar nas análises pormenorizadas da imaxinística bodañiana), *Ao pé de cada hora* foi naquel intre un libro pouco tido en conta (Carro, 1987), se disimulamos os amigos (moitos ágrafos por aquel entón, como un servidor) que o acompañabamos diariamente e a quen nos entusiasmaba, ata o punto de aprender de memoria moitos dos seus poemas.

Foi un caso raro de inopia crítica, pois o libro contiña elementos que tamén podían servir claramente á causa civil do momento, sen necesidade de lle pendurar a polémica etiqueta de “poesía social” que pouco e pouco iría converténdose nunha cruz para os poetas que no seu momento apostaron claramente por ela. O que pasa é que era un poemario no que Bodaño despregaba un abano temático e formal que non debían satisfacer plenamente as ansias dunha poesía directa, transparente (sendo ela abondo directa e transparente, por outra parte), denunciadora (séndoo moito, tamén) e *interveniente* que moitos quizais desexaban polarizar nun só sentido naquel momento, dun xeito empobrecedor. Bodaño facía alí, á parte dun pranto por Galicia e polos seus homes asasinados, á parte, así mesmo, dun canto elexíaco aos poetas mortos, unha grinalda de belas palabras para a muller amada, cousa esta última que debeu considerarse un luxo cuestionábel, como xa lle ocorrera a Cunqueiro coa súa obra narrativa. O primeiro aspecto, o laio por Galicia, que empata cunha longa tradición enraizada xa nos poetas do primeiro Rexurdimento (Xoán Manuel Pintos: “¡Oh Galicia, Galicia, boi de palla”), tamén naqueles que estaban presentes no *Álbum de la Caridad* (1862), con Francisco Añón á fronte (“¡Ai esperta, adorada Galicia!”) e que tanto teimaron polo espertar de Galicia, unha tradición que continuou co ton optativo do primeiro Cabanillas, do Cabanillas “poeta da raza” e autor dos animosos himnos de loita no tempo da Irmandades da Fala, para despois da guerra civil volver outra vez envolveita na queixa do inmovilismo coa lúcida palabra de Díaz Castro e seu poema “Penélope”⁽¹⁵⁾, ou de Antón Tovar no titulado “Galicia”, ese primeiro aspecto, repito, de laio e raiba polo enquistamento de Galicia podémolo

observar, por exemplo, no poema titulado “Galicia”, que abre *Ao pé de cada hora* e que reproduzo na versión da primeira edición:

GALICIA

Galicia é isto que vai en nos
e que nos leva
camiño aberto nos sulcos
onde todo é por vir e non chega...

Galicia ferida en sono e sombra,
Galicia enteira
coma un morto baixo un albre
soterrado
onde todo dorme e non esperta.

Galicia do mar e da curtiña,
Galicia miserenta,
chan de ledicia queixumbrosa
onde a fame échese de paciencia.

Galicia do si, do non e do quén sabe,
duda inmensa
a falar sempre o que lle mandan
sin dicir o que pensa.

Galicia verdadeira, cando?

I eiquí, sin máis
esgázase o meu poema...

Era esta unha queixa, un lamento, que ben podía aturar o réxime franquista, en tanto en canto, aparentemente, tan só viña engrosar o inventario de efusións líricas do que demos tan só algunhas mostras un pouco máis arriba. Pero García-Bodaño avanzaba perigosamente no seu discurso desenterrando a memoria da derrota sufrida pola república e polo galeguismo. Hai que se fixar nos versos que vou transcribir, nos que o recurso anafórico que tanto define o plano retórico da obra toda de Bodaño, lle presta xa o seu tono grave e mesmo patético por veces á

mesma, ao tempo que retoma un xeito poético, unha retórica moi propia da elexía, sen renunciar a lle imprimir novas expresións aos recursos paralelísticos e ao retrouso de tan longa tradición culta e popular:

Eu sei que en cada tumba
atópase unha espada
agardando.

Eu sei que en cada morto
pervive un berro
agardando

Eu sei que pra aquela derrota
hai unha vitoria
agardando

Eu seino.

Dinmo os vosos nomes
sobor das lousas
agardando.

Aínda máis arriscado se nos mostra o poeta cando a voz que inventa remexe nos asasinatos e nas cunetas de saibo trágico e pimenteliano. O poema "Non houbo galos", no que se homenaxea explicitamente a unha personalidade do galeguismo nacionalista e republicano tan importante como Alexandre Bóveda, asasinado durante a guerra a pesar de ser católico confeso, fálanos ben as claras do arriscado compromiso contraído por García-Bodaño en tempos nos que o franquismo, se ben empezaba a renxer, aínda reprimía rebrotes "sospeitosos" e a igrexa dificilmente podía dixerir o reproche que se lle fai a Deus por permitir o asasinato. Velaquí o poema, encabezado por un título/lema que, en boa medida, cómpre considerar xa como formando parte do corpo do poema:

*No derradeiro mencer
de Alexandre Bóveda*

Non houbo galos
pra a mañá triste dos seus ollos mortos.

O home da cor da herba ben o sabe
 e sábeo o río
 e o arado
 e os montes e os bimbios tamén o saben

Non houbo galos.

O vento secou a súa palabra derradeira
 e repetiuna por tódalas cunetas
 e por tódolos homes mortos
 ao pe dos decámetros.

Deus estaba alí.

Omnipotens Deus
 en cada ferida asasinado
 como un *danger* prás bandeiras
 que se erguían vitoriosas.

Deus, Uno e Trino, entre as álbes
 testemuña silandeira
 e, nembargantes,
 non houbo galos!

Pero xunto a esta poesía civil, de denuncia, García-Bodaño colocou unha sección titulada "O teu corpo frolecido" na que rendía homenaxe tamén ao amor e ao erotismo. Na actualidade pode parecer excesivo pensar que quizais foi por iso polo que o libro non chegou a situarse no lugar que merecía: non era "poesía social" en estado puro. Pero do mesmo xeito que *Longa noite de pedra* afogou *O soño sulagado* é moi posíbel que os poemas de amor se lesen no seu momento como unha lacra vergonzante a ocultar.

Noutro lugar teño dito que a poesía de García-Bodaño elaborada na década dos sesenta e decantada, finalmente, no poemario *Ao pé de cada hora* foi unha das voces que empezaron a saírse do ensimesmamento do **eu**

que os chamados por Méndez Ferrín poetas da Tebra viñan practicando ateigados de existencialismo e, nalgúns casos, dunha pouco elegante autocompaixón, para empezar a proxectarse sobre un **nós**, un **vós**, ou un **ti**, ata chegar a dar na razón primordial de todo un colectivo que chamamos Galicia, a quen el finalmente dirixe toda a súa paixón e toda a súa razón, mediante sempre os elementos emocionais que el necesita para arrincar o motor da súa lírica: a terra, os amigos, o amor feminino e Compostela.

E xa polo que levo dito coido que podemos ir entrando nos motivos que a min se me antollan nucleares na poesía de García-Bodaño e que por iso van ser obxecto de especial atención pola miña parte neste pequeno traballo. Un traballo co que non pretendo máis que iniciar un estudio que merece máis fondura e dedicación cás que eu podo levar a cabo aquí.

Antes de nada, cómpre saír ao paso dunha cuestión de tipo ecdótico da que xa adiantei algo páxinas atrás, ou se se quere, dado que non estamos diante de textos que o seu autor non poida aínda modificar de aquí en adiante, dunha cuestión de carácter editorial. Porque quen se achegue á poesía de García-Bodaño atopará que os textos das primeiras edicións foron alterados (profundamente, ás veces) nas edicións seguintes pola man do propio autor.

Xa sabemos que iso podemos atopalo, e de feito o atopamos, noutros moitos outros casos da historia literaria. Pero representa un problema para o crítico coetáneo á xénese da obra (aínda que pode ser un incentivo e un entretemento para o filólogo), xa que o texto último ou o derradeiro autorizado polo autor é sobre do que está na obriga de se pronunciar ese crítico, malia que poida considerar que as intervencións posteriores deturpasen en ocasións os textos primixenios.

Salvado este pequeno inconveniente, que non o será tal para quen só coñeza a última edición dos poemarios e non estea viciado polo recordo das outras versións, podemos ir adentrándonos un pouco nas trabes mestras que atravesan a poesía do noso autor.

Con motivo da presentación do libro de García-Bodaño que reunía toda a poesía escrita por el ata aquel momento, o titulado *Obra Poética*, dicía eu que, se tivese que penetrar a fondo na poesía deste autor comezaría por tratar de sulagarme o máis posíbel (para comprendelos e revivilos) nos tempos en que o poeta empezou a ocupar consciente e existencialmente ese espacio do universo que chamamos Compostela, é dicir, os anos corenta e cincuenta, cando Santiago era tan só un burgo pequeno, barroco e medieval, decote mollado na memoria e tamén algo triste, afastado do mundo, da alegría e da luz do mar, cousas estas polas que debeciamos os nenos que oíamos na noite o chifro, entre miserábel e trágico, dos trens no vento do sur, imaxinando as ringleiras de pequenas fiestras iluminadas, onde, inocentes de nós, coidabamos viaxaren as alegrías inalcanzábeis cara ós aires da beiramar e cara ás cidades da luz ou cara ás costas de domingo e praia nas rías baixas.

Porque Compostela, aquela Compostela dos anos corenta e cincuenta que aínda hoxe podemos revivir nalgúns (poucos) días de especial relanzo e tranquilidade na vila, é o permanente retorno de Salvador García-Bodaño, como o era Mondoñedo para Álvaro Cunqueiro ou Lugo para Luís Pimentel. E só comprendendo isto poderemos penetrar nos estratos máis fondos de moitos versos deste noso poeta. Só unha evocación intelixente e emotiva semellante á que el leva a cabo en moitos poemas, sería quen de nos permitir viaxar no tempo para circular outra vez por aquel burgo e comprender por qué García-Bodaño se nos vai perfilando como un poeta esencialmente elexíaco e amoroso que foi compoñendo dende Santiago de Compostela todo o seu entramado existencial, intelectual e ideolóxico.

Coido que sería de todo punto necesario facer ese exercicio de reconstrucción daquel Santiago porque moito me parece que Salvador García-Bodaño é un froito daquelas lembranzas, e a súa poesía, cada vez que volve ao seu ser máis profundo e verdadeiro (cousa que ocorre a penas abandona unha certa vixilancia veleidosa que amosa o noso poeta por veces, en concesións innecesarias a eidos que quizais non lle conveñan poeticamente), non pode sustraerse ao pouso existencial que as vivencias da

cidade por aqueles anos deixaron nel. Cómpre ter en conta que estamos a falar dun poeta cunha sensibilidade que non abonda moito no eido das letras, por canto todo semella que é refractario a escribir (e estou a me referir á súa obra máis perdurábel) sen unha previa emoción ou sentimento que actúen e poñan en movemento eses pousos que o tempo e a soidade existencial foron amoreando na súa memoria.

Falo de Salvador García-Bodaño e xa sei que debía facelo dunha voz, da voz que nos chega dende as ringleiras de palabras escritas por el e postas a circular impresas para se someteren a un proceso que as enallea do propio autor e as expón ás resoancias que poidan espertar nos imprevistos e invisíbeis lectores, do presente ou do futuro. Pero moito me parece que, dadas as características de autenticidade que esa voz desprende, e dadas as recorrencias e constantes que aboian ao longo de toda a obra deste poeta, ben a podemos identificar cunha biografía concreta, cunha riquísima biografía interior e, polo que a min se me antolla, profundamente agónica, que nada ten que ver coa imaxe afábel, inxeniosa, campechana e mesmo vitalista que pode desprenderse dun coñecemento superficial ou casual da persoa de Salvador García-Bodaño.

Eis, xa que logo, cómo un ensaio sobre a poesía de Salvador García-Bodaño non debería sustraerse á tentación de reconstruír o ambiente, a luz, os cativos límites e a socioloxía daquela Compostela na que a presenza visguenta do medo das cunetas asasinadas da guerra e da posguerra apegañábase nos ollos espantados das leiteiras da alba para asombro do neno atento e sensíbel ós rumores paisanos e ós obrigados silencios dos maiores. Difícil entender en toda a súa profundidade, por exemplo, os versos que Bodaño dedicou á memoria de Alexandre Bóveda e que transcribín máis arriba se non temos en conta aquel horror xeadado que cada mañá deitaban no oído urbano as pobres xentes aldeanas obrigadas a subsistir a base dun cativo mercado de catro berzas e dúas patacas gravadas cos tributos dos chamados fielatos, verdadeiras aduanas do abuso e a chulería. Parémonos un pouco neses versos dedicados á lembranza do

asasinato de Alexandre Bóveda no ano 1936 e comprenderemos por qué García-Bodaño non puido ser outra cousa que un poeta elexíaco. Fixémonos na austeridade e limpeza dos seus versos, descargados de calquera retórica innecesaria, na actitude serenamente indignada dunha voz grave que quere levantar acta da ignominia e da inxustiza.

E xa andando os anos cincuenta, cando os galeguistas que viviran a II República empezan a poder saír do seu tobo, do seu exilio interior, a facer acto de presenza nas tertulias dos cafés máis afamados de Santiago (o Español, o Derby, o Compostela) e a comunicar coa xuventude para lle transmitir o legado galeguista, esmagado en moita parte e secuestrado no resto pola barbarie de guerra e dos apoloxetas da mesma, comprirá levantar acta dos seus nomes para entender por qué Bodaño ergue a súa voz absolutamente senlleira e chea de dor cada vez que un deles desaparece do mundo deixando atrás un ronsel de lembranzas e de adeuses que firen ao poeta dun xeito descarnado, sincero e total.

Otero Pedrayo, Aquilino Iglesia Alvariño, Ramón Cabanillas, Luís Pimentel, Carlos Maside, Castelao (ausente pero cunha presenza permanente no recordo de todos), Luís Seoane, Ramón Piñeiro, e tantos e tantos outros. Nomes todos eles, incluído o de Rosalía, a quen o noso poeta dedicou algúns dos seus mellores poemas, que son motivos incitadores para que o poeta renove o seu compromiso con Galicia, coa patria, como el gusta de chamala. Porque naqueles nomes vai toda a historia, todo o esforzo e toda a xenerosidade que impediron que esa patria esmorecese definitivamente.

Dicía tamén naquela presentación a que aludín antes que se eu tivese que afondar na poesía de Salvador García-Bodaño había fixarme, de seguido, na, discreta unhas veces, descarnada outras, presenza da soidade máis radical, que axexa, aquí e ala, por entre os versos, dando coherencia a unha obra, breve pero intensa, escrita durante trinta ou máis anos. Desa soidade radical, se a miña lectura é válida, arrinca todo o universo poético do noso escritor. Porque con ela arrastra un profundo sentimento de

nostalxias e unha hipersensibilidade diante do transcurso do tempo, que, apousando na realidade física, case eterna, do espacio urbano de Compostela, apenas deixa vivir a ledicia do momento para, en cambio, deixar impresas nesa realidade pétrea as lembranzas de momentos vagamente vividos ou soñados, as pegadas dos seres queridos que como un ronsel de olvidos van desfilando pola vida do poeta e que nalgún momento serviron de bálsamo ou de esperanza a tanta soidade.

Compostela é unha rúa longa na memoria
onde vagan os nomes e as horas
que cada quen recorda...

Tempo de eternidade nas sombras
case vougas
a caír polos días
e as cousas
maino como unha choiva.

No libro da vida van as follas
anónimas
pasando sobre do atril
das lousas
sin que un se dea conta.

E as lembranzas mesmo como as ondas
xurden soltas
dende o fondo de nós
e todas
fan un mar que se alonxa...

Tamén se eu tivese que afondar nos versos de García-Bodaño non había pasarme desapercibido o feito de que moitas das súas imaxes e metáforas están construídas sobre das impresións que causa no poeta unha realidade fuxidía, esvaente, inapreixábel. Entón fixaríame, como xa ocorrera coa mellor poesía de Celso Emilio Ferreiro e de Antón Tovar, na cantidade de substantivos e adxectivos que aluden a realidades non discretas (no sentido matemático do termo), a realidades continuas e sen lindeiros posíbeis: aire, terra, sombra, mar,

noite, vento, tempo, calma, pedra, choiva, ronsel, camiño; fixárame na adxectivación alongadora da realidade obxectiva ou subxectiva, connotando a liña irreversíbel e irrecuperábel do tempo e da memoria. Habíame fixar tamén nos verbos denotadores de movemento, das *aktiosarten* incoativas e continuativas, nas formas verbais de aspecto imperfectivo, nos xerundios que alongan o presente cara o pasado e o futuro, nos adverbios e frases adverbiais difuminadoras de calquera realidade captábel no seu ser único e inmóvil. E todo iso habíame servir para comprender cómo a lingua é a materia con que traballa a poesía e que a través dela podemos non só reter un algo do que vivimos senón tamén reflectir, anque non sexa máis que vagamente, a cerna máis íntima do noso ser e da realidade que nos contorna.

Todo iso habíame servir, en fin para entender mellor esa vivencia que a min se me antolla ser esencial na poesía de García-Bodaño: a soidade radical na que está instalado o ser humano e que tanta letra produciu xa nas literaturas de tódalas latitudes. Unha soidade que o mundo actual acentúa coa paulatina deshumanización dos espazos urbanos e que García Bodaño denuncia naquela *plquette* de que falabamos antes, titulada *Pegadas no alcatrán*, onde o poeta, utilizando as posibilidades expresivas da disposición tipográfica pero tamén recorrendo a estrofas clásicas, como sonetos, cuartetos ou estancias varias de carimbo propio, érguese, con acedo humor, por veces, con indignacións, outras, contra a degradación da vida urbana e dos seus habitantes, así como contra do afogo a que nos someten eses contenedores de grea humana que son algúns grandes almacéns, pechados á luz do día para evitar calquera albisque de fóra que distraia a atención do consumidor.

EDÉN DE ARTIFICIO

Shopping no magazine	I
semáforos e rampas	o
a voltas e máis voltas	n
na ruleta da tarde	x
tocounos un bo sitio	e
no garaxe terraza	n
cheira a aceite gas-oil	a
revolto co aire puro	s
que se extraviou do mar	r
por riba dos tellados	u

por riba do propano	i
por riba do butano	n
dos clorocarbonados	a
da alúmina e mercurio	s
saímos coma tolos	ó
fóra do aparcadoiro	e
con rumbo cara ó ignoto	s
un edén de artificio	e
cemento e sintasol	u
un templo do consumo	n
que se mantén de nós	f
sexta planta e non vexo	í
sequera un vexetal	o
non hai tampouco sol	d
só estrelas eléctricas	e
falsas constelacións	a
grandes espazos cheos	u
de cousas que mercar	g
e non hai unha fiestra	a
tan sequera unha fiestra	c
unha fiestra ó universo	o
cara ás rúas molladas	n
para vermos pasear	t
¿el andará a chover?	r
¿será de día aínda?	a
¿brillará a luz da noite	o
na capota dos coches?	m
a primeira segunda	u
terceira cuarta quinta	s
sexta planta e non hai	g
nin árbores nin pedras	o
nin sequera unha herba	d
ou tal vez unha lúa	a
sobre do fimapán	f
escaleiras mecánicas	o
ascensor e extintores	n
piso antideslizante	t
promocións e rebaixas	e
as oportunidades	n
que bo sitio collemos	o
o entrarmos no garaxe	s
un infarto un infarto	i
collinte contra min	I
e biqueite sen forza	e
un himno de sereas	n
meteume por urxencias	c
pechado a cal e canto	i
no soto do hospital	o

Mentres, verticalmente, pódese ler: *lonxe nas ruínas óese un fío de auga contra o musgo da fonte no silencio.*

Trátase dunha soidade que sente afundir as súas raiceiras na nada existencial pero que tamén tenta resistir a través de tres crenzas e tres vivencias fundamentais: o **amor**, a **amizade** e a **patria**. Tres cousas que,

anque entrevistas como unha posibilidade fluctuante entre o soño e a esperanza, en tanto en canto que axiña o tempo as eslúe para convertelas en dolorosos recordos, poden manterse porque a súa esencia radica na admiración e na inútil tentativa de captación do instante. Por iso, a poesía de García-Bodaño é fundamentalmente **elexíaca**, cando aboia nel o *ubi sunt* medieval ou romántico ou cando o fai o *tempus fugit* barroco; **amatoria**, cando tenta prender os momentos máis felices dentro do balbordo do tempo, como ocorre co seu poemario *Poemas de amor a Xulia* (édito por primeira vez no libro xa mencionado de Espiral Maior); **optativa**, cando se resiste á desaparición da patria Galicia; magnificamente **descritiva** nos seus achegamentos as artes plásticas e nos retratos físicos e espirituais, é dicir, nas prosopografías e etopeas das persoas queridas, presentes ou ausentes; e, finalmente, **existencial** cando trata inutilmente de atoparse e definirse; cando se mira no espello do abandono cósmico e só atopa un ser que se esvae no tempo cara á nada. É entón cando, para o meu entender, escribe atoutiñante algúns dos mellores e máis verdadeiros versos de toda a súa poesía. Versos como estes que pechan *Ao pé de cada hora* e que poñen fin á este pequeno achegamento/afastamento á poesía de Salvador García-Bodaño:

Dóenme xa os ollos e as mans
de tantos adeuses...

Ás veces un home nace para a dor
e para sentir aló no peito
o eco esmorecido
de voces e nomes
que foron morrendo

Eu son así:

Un home só ao pé de cada hora
como un soño esvaído
nun andén lonxán.

Tal vez un sulco no tempo
a se perder en si mesmo
ao través dos teus ollos de nai.

Anxo Tarrío

(In HOMENAXE AO PROFESOR CAMILO FLORES.
Universidade de Santiago de Compostela, 1999, pp.
670-685)

Referencias Bibliográficas

- BERNÁRDEZ, C.L.(1994), *Cincuenta anos de poesía galega*, tomo II, A Coruña: Penta.
- BORROW, G.(1843), *The Bible in Spain or The journeys, adventures, and imprisonments of an englishman in attemp to circulate the scriptures in the Peninsula*, London: John Murrav.
- CARRO, Xavier.(1987), "A construción imaxinaria na poesía de Salvador García-Bodaño"; *Grial*, 96, pp. 173-184.
- GARCÍA-BODANO, S.(1967, 1980), *Ao pé de cada hora*, Vigo: Galaxia.
- GARCÍA-BODANO, S.(1978), *Tempo de Compostela*, Barcelona: Creaciones Gráficas Fernando.
- GARCÍA-BODANO, S.(1979), *Tempo de Compostela*, Santiago de Compostela: Edicións do Cerne.
- GARCÍA-BODANO, S.(1992), *Compostela*, Santiago de Compostela: Editorial Compostela/Xunta de Galicia, s/d.
- GARCÍA-BODANO, S.(1992) *Os misterios de Monsieur D'Allier* Vigo: Galaxia.
- GARCÍA-BODANO, S.(1992), *O caleidoscopio*, serie "Contos do Castromil", Vigo: Castromil/Xunta de Galicia/Xacobeo 93/ Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística.
- GARCÍA-BODANO, S.(1993), *Obra poética*, A Coruña: Espiral Maior. Aquí pódese consultar unha bibliografía bastante completa de e sobre a obra do poeta.
- GARCÍA-BODANO, S.(1993), *De onte a hoxe. Ensaaios xornalísticos dende Compostela*, Santiago de Compostela: El Correo Gallego/ Consorcio de Santiago.
- GARCÍA-BODANO, S.(1994), *Pegadas no alcatrán (encomio da banalidade)*, Barcelona: Café Central 52.
- GARCÍA-BODANO, S.(1995) "Pegadas no alcatrán (encomio da banalidade)", *Boletín Galego de Literatura*, núm.14.
- LOPÉZ CASANOVA, A(1967), "Ao pé de cada hora, de Salvador García- Bodaño", xornal *El progreso*, Lugo, 26 de novembro.
- LOPÉZ CASANOVA, A(1996), "Salvador García-Bodaño", *Cuadernos del Lazarillo*, II
- TARRÍO VARELA, A(1998), *Literatura galega, aportacións a unha Historia crítica*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1ª edición 1994.

NOTAS

- 1 Este pequeno ensaio sobre a poesía de Salvador García-Bodaño coñeceu unha primeira redacción (moi reducida e preparada para a súa lectura oral) con motivo das xornadas celebradas na sala de actos da Real Academia Galega e organizadas pola Universidade da Coruña na semana do 24 ao 29 de abril de 1995.
- 2 Compre dicir que as extremas cronolóxicas desta xeración, chamada “dos (anos) cincuenta” varían segundo os observadores, Arcadio López Casanova (n. 1942) exclúese a si mesmo dela ao fixar 1926 e 1938, como datas marco, que se corresponden co ano de nacemento de Manuel Cuña Novas e de Xosé Luís Méndez Ferrín, respectivamente; mentres que Carlos L. Bernárdez inclúe a López Casanova como membro máis novo, ao considerar as datas de 1926 e 1942, respectivamente como límites cronolóxicos superior e inferior desta que tamén se deu en chamar “do medio século” e aínda “Escola da Tebra”, en expresión cuñada por Méndez Ferrín. Vid., por exemplo, López Casanova (1996), Bernárdez (1994) e Tarrío-Varela (1994).
- 3 O libro presenta os seguintes paratextos de interese: na páxina 6, un debuxo (¿a lapis?) do pintor Carlos Maside a modo de retrato do poeta; na páxina 9, unha nota que di: “Iste libro de poemas, escrito durante os derradeiros anos, chega a vós impreso polo entusiasmo e amizade de Carlos Casares e Francisco Xavier Carro. Eles i eu somos, pois, solidariamente responsables”; na páxina 11 uns versos de Salvador Espriu que din: “...el lent record dels dies / que són passats per sempre”. Na páxina 13, unha adicatoria: “PRA AURICHU”. A mesma editorial tirou unha segunda edición en 1980 coas seguintes novidades: a adicatoria “PRA AURICHU” adiantase á páxina 7; os versos de Espriu pasan á páxina 9; a nota que alude a Carlos Casares e Xavier Carro aparece agora na páxina 17 e está revisada lingüísticamente, pois onde dicía “escrito durante os derradeiros anos”, di “escrito nestes últimos anos”, e onde dicía “Eles i eu somos...”, di “Eles e mais eu somos...”; incorpora un prólogo de Ramón Piñeiro que ocupa as páxinas 13 e 14. Así mesmo, o poemario está revisado lingüísticamente.
- 4 Propiamente, este libro reproduce unha carpeta que aparecera no ano 1978 cun limiar de Álvaro Cunqueiro e augafortes de Alfonso Costa, cunha tirada de soamente 75 exemplares, pola que mereceu o *Premio de la Crítica Española* dese ano. O prólogo de Cunqueiro desaparece nesta edición e das augafortes soamente queda un vestixio no deseño da cuberta e algunhas viñetas distribuídas ao longo do libro.
- 5 Leva unha breve presentación de Luís Alonso Girgado e unha nota editorial na que, entre outras cousas, se dá a seguinte información: “A primeira edición de *Compostela* foi unha publicación limitada só a noventa e cinco exemplares numerados, máis cinco máis en rica encadernación barroca, acompañada de gravados do pintor Alfonso Costa, de gran luxo editorial, encargada polo Excmo. Concello de Santiago de Compostela para obsequio de visitantes egrexios”.
- 6 Hai que facer as seguintes consideracións respecto do corpus paratextual.: o volume leva unha dedicatoria “A XULIA, /tempo de amor na soidade” e un “Limiar” de Basilio Losada. Na reprodución de *Ao pé de cada hora* desaparece a nota alusiva a Carlos Casares e Xavier Carro que transcribín máis arriba e a dedicatoria “PRA AURICHU”. Do poema “Galicia é isto que vai en nós” desaparecen os dous últimos versos, que dicían nas dúas primeiras edicións: “I eiquí, sin máis / esgázase o meu poema”. Así mesmo, está novamente revisado lingüísticamente, agora para adaptalo á normativa oficial, polo que presenta algunhas variacións significativas en moitos poemas. Polo que se refire aos poemarios *Tempo de Compostela* e *Compostela*, aparecen fundidos nun so corpus lírico baixo o título do primeiro deles e precedido da seguinte aclaración: “Por vontade do autor reúnense neste volume e baixo o título *Tempo de Compostela*, que designara a súa segunda entrega poética, os poemas relativos a aquela publicación e os que compoñen o libro *Compostela*, refundíndoos, xa que logo, nunha obra única e de nova traza, cuidadosamente reestructurada e de intención recompiladora das súas

composicións de temática esencialmente compostelá". O volume complétase coas seguintes seccións "As palabras e os días (poemas soltos)", cun total de vintedous poemas; "Poemas de amor a Xulia", con doce poemas; "Estudios críticos", con artigos de varia extensión da autoría de Arcadio López-Casanova, Xavier Carro e Damián Villalaín; "Biografía cultural", onde se ofrecen algúns datos da biografía do poeta, da súa pertencia a diferentes institucións culturais, entre elas a Real Academia Galega, e das múltiples actividades nas que decote se viu involucrado; e, finalmente, unha sección de "Bibliografía", activa e pasiva.

- 7 Foi reproducido no número 14 do *Boletín Galego de Literatura* cunha "Autopoética" encabezando o poemario.
- 8 Unha boa mostra delas, aparecidas en *El Correo Gallego*, pode consultalas o lector no volume titulado *De onte a hoxe. Ensaíos xornalísticos dende Compostela*.
- 9 Está dedicado "Ás sufridas xentes do meu país, tan gustadoras de contos" e leva un "Limiar" de Darío Villanueva. Outras incursións do poeta na narrativa: *O caleidoscopio*, na serie "Contos do Castromil"
- 10 Neste ámbito a súa aportación máis interesante quizais sexa *Viaxe por Galicia* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1992), que vén sendo a traducción da parte dedicada a este país por George Borrow no seu coñecido libro *The Bible in Spain*.
- 11 Saiu do prelo en 1950. Os outros títulos da colección inclúen algún en castelán. O resto dos títulos galegos haberá que telos en conta por seren os que espertarían máis curiosidade e expectativas na xeración que estaba por eses anos empezando a tomar contacto e coñecemento do pasado de Galicia a través, fundamentalmente, dos homes que axiña han fundar a Editorial Galaxia, despois dunha posguerra durísima que lograra sulagar para a xuventude calquera información do que fora o país no pasado remoto e no próximo, con anterioridade á traxedia da contenda bélica provocada pola sublevación fascista contra a legalidade republicana en 1936. Falamos de *Cantigas da noite moza*, de Augusto Casas; *Triscos*, de Luís Pimentel; *Poemas de ti e de min*, de Xosé Mª e Emilio Álvarez Blázquez; *Anxo de terra*, de Ricardo Carballo Calero; *Dona do corpo delgado*, de Álvaro Cunqueiro; *As cancións d'ise amor que se diz olvido*, de Juan Pérez Creus e *Follas dun arbore senlleiro*, de Manuel Fabeiro Gómez.
- 12 Vigo: Alba. Propiamente saíu un erro no título (*sono*) que en edicións posteriores había ser corrixido adecuadamente.
- 13 Vigo: Galaxia.
- 14 Vigo: Galaxia, 1959.
- 15 Vigo: Galaxia, 1967. Consulto a segunda edición: Vigo: Galaxia, 1959, p. 41.
- 16 Vid. *Arredores*, Vigo: Galaxia, 1962, recolleito en Antonio Tovar, *Poesía galega completa*, Madrid: Akal Editor, 1974, p. 47, por onde o consulto.
- 17 Entre os anos 1967 e 1972 durante os que fixo a súa carreira universitaria quen isto suscribe tivemos que soportar nas aulas a presenza duns "alumnos" moi peculiares: eran homes da denominada *brigada social* encargados de, digamos, tomar "apuntes".